



## *Lecanora campestris* (Schaer.) Hue



Especie de ampla distribución na zona holártica que medra preferentemente en Galicia nas superficies verticais ou subverticais das rochas silíceas de muros (fotos 1, 2) e monumentos, en ocasións formando grandes manchóns de cor abrancazada (foto 1).

Talo crustáceo granuloso-areolado, de cor branca a gris, delimitado por unha liña branca ou protalo (foto 2).

Apotecios lecanorinos con disco marrón escuro, plano e sen pruína (foto 2). Nun corte transversal do apotecio\* (fotos 3, 4) vense o epitécio\* castaño e himenio\* e hipotecio\* hialinos (foto 3). O excípulo ten numerosos cristais pequenos que poden verse por ser refrinxentes en luz polarizada (foto 4). Esporas simples, hialinas e elipsoidais.

**Fotobionte:** alga verde.

**Reaccións:** Talo K<sup>+</sup> amarelo, P<sup>-</sup> ou P<sup>+</sup> amarelo tenue.



\* (Na ficha 22 explícanse estes termos).